

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 131/2006, do 27 de xullo, polo que se transforma o conservatorio de música oficial non estatal de grao elemental dependente do Concello do Barco de Valdeorras (Ourense) en conservatorio profesional de música.

Segundo o disposto no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, é competencia da Comunidade Autónoma galega a regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, e de acordo co artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro (*Diario Oficial de Galicia* do 9 de xaneiro de 2006), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden estas competencias.

Polo Decreto 45/1991, do 7 de febreiro (DOG do 25 de febreiro), creouse o conservatorio de música non estatal de grao elemental, dependente do Concello do Barco de Valdeorras, provincia de Ourense.

Este conservatorio vén impartindo ademais do grao elemental para o que tiña concedida a autorización definitiva, as ensinanzas de grao medio de música con carácter provisional, primeiro ao abeiro dun convenio asinado o 8 de novembro de 1995, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello do Barco de Valdeorras, e posteriormente mediante autorizacións provisionais concedidas por Orde do 2 de xullo de 2001 (DOG do 22 de outubro), Orde do 13 de outubro de 2003 (DOG do 27 de agosto), Orde do 2 de novembro de 2004 (DOG do 18 de novembro), e a Orde do 26 de setembro de 2005 (DOG do 14 de outubro).

Mediante estas autorizacións provisionais a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria recoñecía a validez académica das ensinanzas de música de grao medio que se imparten no centro, e comprometíase á creación do conservatorio profesional, unha vez que o concello levase a cabo a adaptación das instalacións aos requisitos mínimos previstos no artigo 15.1º do Real decreto 389/1992, do 15 de abril (BOE do 28 de abril).

Realizadas estas obras de adaptación o Concello do Barco de Valdeorras solicita a transformación do conservatorio de música oficial non estatal de grao elemental dependente deste concello en conservatorio profesional de música, para impartir as ensinanzas dos graos elemental e medio.

A Delegación Provincial de Ourense informa do cumprimento efectivo dos requisitos mínimos que establece o Real decreto 389/1992, do 15 de abril (BOE do 28 de abril), para os centros que imparten as ensinanzas artísticas, e que a estrutura e planificación académica do centro se axusta ao disposto no Decreto 253/1993, do 29 de xullo (DOG do 25 de outubro),

polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos, modificado e ampliado polo Decreto 179/2003, do 27 de febreiro (DOG do 14 de marzo).

Cumpridos todos os trámites regulamentarios, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete de xullo de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Transfórmase o conservatorio de música oficial non estatal de grao elemental dependente do Concello do Barco de Valdeorras (Ourense) en conservatorio profesional de música.

Artigo 2º

Neste conservatorio impartiranse as ensinanzas dos graos elemental e medio de música reguladas polo Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos, modificado e ampliado polo Decreto 179/2003, do 27 de febreiro.

Artigo 3º

O centro queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente para os centros que imparten ensinanzas artísticas e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que figuran neste decreto.

Disposición derradeira

Única.-Facúltase a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as medidas necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Santiago de Compostela, vinte e sete de xullo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 1 de agosto de 2006 pola que se convocan axudas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do

ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, (BOE do 19 xaneiro de 1988, DOG do 17 de febreiro de 1988), transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación polo Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril).

O Real decreto 56/2005 regula os estudos de posgrao comprensivos das ensinanzas de segundo e terceiro ciclo do sistema de educación universitaria. Estes estudos teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación académica, profesional ou investigadora e artículanse en programas integrados polas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de máster ou doutor/a. Dentro das ensinanzas de posgrao os estudos oficiais de máster permiten adquirir un conxunto de competencias para o exercicio de actividades profesionais nos ámbitos da especialización correspondente.

O establecemento dos novos títulos oficiais de posgrao, e en particular os de máster, constitúe unha das modificacións de máis transcendencia no proceso europeo de cambio estrutural das ensinanzas universitarias e supón un gran reto para as universidades e a Administración educativa que se ven obrigadas ao desafío de impulsar estudos de posgrao de máxima calidade. En Galicia, a reforma plásmase na aprobación do Decreto 51/2006, do 23 de marzo, (DOG nº 61, do 28 de marzo) polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, contribúe ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do sistema universitario de Galicia ao Espazo Europeo de Educación Superior, convocando axudas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.

Esta convocatoria introduce como novidade respecto das anteriores o dereito dos/as bolseiros/as ao acceso a un sistema de cobertura social a través da concertación dun seguro privado, ou de ser o caso, da aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, sempre que o programa destas axudas sexa recoñecido a través da inscrición deste no Rexistro ao que se refire o seu artigo 3º.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, 25 axudas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.

Estas axudas teñen como finalidade contribuír ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar conducente ao título de máster favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do sistema universitario de Galicia ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Artigo 2º.-Orzamento

Para a concesión destas axudas destinarase un total de 195.725 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.322C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dos anos 2006 e 2007 de acordo coa seguinte distribución: 55.100 euros no ano 2006 e 140.625 euros no ano 2007. As cantidades citadas poderán incrementarse de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 3º.-Período de aproveitamento e contía das axudas.

A duración da axuda é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2006 e setembro de 2007. A contía será de 600 euros mensuais. De acordo co establecido no artigo 1 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, estas axudas están exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os/as beneficiarios/as das axudas percibirán así mesmo o importe de 379 euros en concepto de axuda á matrícula co primeiro pagamento da axuda. Os/as bolseiros/as gozarán dun sistema de cobertura social a través da concertación dun seguro privado, ou de ser o caso, da aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, que terá efectividade a partir do 1 de decembro de 2006, unha vez aceptada a axuda.

Artigo 4º.-Requisitos dos/as solicitantes.

a) Posuír a nacionalidade española ou dun país membro da Unión Europea ou estranxeiro residente en España.

b) Estar admitido/a no curso 2006-2007 nun dos programas oficiais de posgrao autorizados polo Decreto 51/2006, do 23 de marzo, impartidos nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo, relacionados no anexo desta orde.

c) Contar cun expediente académico persoal con nota media igual ou superior a 1,5000, nas epígrafes de ciencias experimentais e da saúde e ciencias sociais, xurídicas e humanidades. Na epígrafe de ensinanzas técnicas esta nota deberá ser igual ou superior a 1,0000 punto. Calculadas en ambos os casos segundo figura no artigo 8º desta orde.

d) Ter un título universitario oficial, ter cursado 180 créditos ECTS (sempre que estes 180 créditos comprendan todos os contidos formativos comúns do título de grao), ou ter superado tres anos de estudo e un mínimo de 180 créditos dos plans de estudos actuais, sempre que se teña aprobado toda a troncalidade do primeiro ciclo actual de estudos universitarios oficiais.

e) Os títulos obtidos conforme a sistemas educativos estranxeiros deberán contar, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, coa homologación polo Ministerio de Educación e Ciencia do título correspondente. Os/as solicitantes que non teñan o título universitario correspondente, poderán presentar un documento acreditativo da universidade correspondente

facendo constar que os seus estudos se corresponden cun nivel de formación equivalente aos títulos estatais de grao e faculten no país de orixe para o acceso aos estudos de posgrao.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e prazo de presentación.

a) As solicitudes, segundo o modelo que se publica como anexo, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias. Se a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación. Para estes efectos, os rexistros das universidades públicas non terán validez en canto ao cumprimento dos prazos da convocatoria.

b) As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación complementaria que se especifica no artigo seguinte.

c) Só se poderá presentar unha solicitude por candidato/a. A presentación de dúas ou máis solicitudes invalidará todas as presentadas.

d) Non poderán beneficiarse destas axudas os/as solicitantes que:

-Estean en posesión dun título de doutor/a.

-Teñan cursados 32 créditos de doutoramento.

-Teñan o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou certificado equivalente.

d) O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 15 de setembro de 2006.

Artigo 6º.-Documentación complementaria.

1. Fotocopia do DNI ou documento equivalente no caso de cidadáns/ás da Unión Europea ou estranxeiro residentes en España.

2. Certificación académica oficial ou copia compulsada, na que figure a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG do 23 de marzo).

Aqueles/as solicitantes que non obtiveran a súa titulación nalgunha das universidades galegas, deberán facer constar, expresamente, na certificación académica, a nota media final do seu expediente de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005.

Os/as solicitantes que cursaran os seus estudos no estranxeiro e posúan certificación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, deberán acompañala da correspondente tradución xurada. En tales casos, a certificación indicará, así mesmo, as cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente e farase constar cal é a cualificación mínima necesaria para aprobar.

3. Documento acreditativo de estar admitido/a no curso 2006-2007 nun dos programas oficiais de posgrao autorizados polo Decreto 51/2006, do 23 de marzo, impartidos nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo, relacionados no anexo.

4. Fotocopia compulsada do título ao que se refire o artigo 4ºc) desta orde ou documento expedido pola universidade de que o solicitante ten cursados 180 créditos e se cumpran as demais circunstancias a que se refire o citado artigo. Os alumnos con títulos obtidos conforme a sistemas educativos estranxeiros deberán presentar fotocopia compulsada do título homologado polo Ministerio de Educación e Ciencia ou documento da universidade correspondente facendo constar que os seus estudos teñen acreditado un nivel de formación equivalente aos títulos estatais de grao e faculten no país de orixe para o acceso aos estudos de posgrao.

Artigo 7º.-Emenda de solicitudes e tramitación.

Os servizos da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia comprobarán que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán a lista de solicitudes admitidas e excluídas sinalando as causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos das súas delegacións provinciais, nos vicerreitorados de investigación ou de terceiro ciclo das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e no portal da web da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia <http://www.edu.xunta.es/>.

Esta lista estará exposta do 2 ao 16 de outubro de 2006, podendo os/as interesados/as, durante ese mesmo prazo, formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos, perante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, achegando, de ser o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión consideraráselle desistido/a da súa solicitude, e se procederá ao seu arquivo, nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992.

As universidades do sistema universitario de Galicia exporán, durante un prazo mínimo de 10 días, as seguintes notas: media do expediente persoal, media da titulación dos últimos tres anos e media final ponderada, correspondentes aos alumnos que solicitan bolsa de terceiro ciclo, podendo os alumnos, durante ese prazo, presentar, ante a propia universidade, a reclamación pertinente para emendar posibles erros nas notas. Transcorrido este prazo sen que se presente reclamación, enténdese que o interesado está conforme con estas.

Artigo 8º.-Selección dos/as candidatos/as.

1. Comisión de selección.

A selección de bolseiros/as será efectuada por unha comisión constituída por tres representantes da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, dos que un/unha deles/as actuará como presidente/a e outro/a como secretario/a con voz e voto e os/as vicerreitores/as competentes na materia das tres universidades galegas.

2. Criterios xerais de selección.

A selección de bolseiros/as farase en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, segundo a nota media do expediente académico persoal do/a alumno/a aproximada a catro decimais, ponderada pola media da titulación dos cursos 2002/2003, 2003/2004 e 2004/2005.

As notas medias do expediente académico persoal serán calculadas de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005. Os criterios para o cálculo das notas serán comúns para as tres universidades.

En caso de empate na nota media do expediente académico persoal, procederase ao desempate de acordo co seguinte orde de prelación: menor número de suspensos, de persistir o empate, o maior número de matrículas de honra, de persistir o empate, o maior número de sobresalientes.

A repartición das axudas realizarase de forma proporcional ás solicitudes admitidas en cada un dos puntos sinalados no anexo: punto 1. ciencias sociais, xurídicas e humanidades; punto 2. ciencias experimentais e da saúde; punto 3. ensinanza técnica.

A comisión decidirá sobre a repartición daquelas bolsas que non se cubran na súa totalidade nun punto determinado.

Artigo 9º.-Proposta de resolución.

A selección de candidatos/as levarase a cabo en concorrencia competitiva e nun procedemento único de avaliación á vista da documentación achegada polo/a solicitante en cumprimento das bases da convocatoria, polo que se prescindirá do trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Efectuada a selección pola comisión esta elevará, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, un informe-proposta á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria quen emitirá resolución.

Artigo 10º.-Resolución e publicación.

A resolución de concesión das bolsas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es>, mediante relación nominal dos/as beneficiarios/as e lista de suplentes. As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse desestimadas e publicaranse na páxina web mencionada e no taboleiro de anuncios da citada consellería, coa indicación expresa dos motivos de exclusión, de conformidade co artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os/as solicitantes excluídos/as poderán recuperar a documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

Artigo 11º.-Incompatibilidades e condicións de aproveitamento.

a) Estas bolsas son incompatibles con:

-Outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados excepto con aquelas bolsas destinadas a cubrir algunha das accións formativas que o/a solicitante vai realizar segundo o seu programa (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

-Soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do/a bolseiro/a.

-Calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado.

Os/as bolseiros/as están obrigados a comunicarlle á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia a causa que determine a incompatibilidade dentro das 24 horas seguintes ao momento no que teña coñecemento da concorrencia desta, dentro dos tres días naturais seguintes, deberá notificar por escrito a renuncia a bolsa.

Os/as bolseiros deberán comunicarlle as renuncias por escrito acompañadas da documentación xustificativa das actividades de formación realizadas polo/a bolseiro/a durante o período anterior á renuncia.

As bolsas concédense para o curso completo. No caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas o/a bolseiro/a deberá proceder ao reintegro das cantidades xa percibidas xunto cos xuros de demora que lle correspondan en cada caso, salvo en casos excepcionais autorizados pola Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Artigo 12º.-Notificación e aceptación da bolsa.

A Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia notificaralles aos/as bolseiros/as que foron seleccionados/as e remitirá os documentos de aceptación da bolsa. O/a bolseiro/a comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta orde e deberá remitirle á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia no prazo de 5 días contados desde a data de recepción da notificación, a seguinte documentación:

-Documento de estar matriculado/a nun dos programas oficiais de posgrao autorizados polo Decreto 51/2006, do 23 de marzo, impartidos nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo.

-Declaración xurada de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro/a ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado.

-Vida laboral, expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, actualizada na data de aceptación da bolsa.

-Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a interesado/a, no que conste o código de conta cliente do solicitante.

Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerarase que o/a interesado/a renuncia á bolsa concedida.

Artigo 13º.-Pagamentos.

Os pagamentos serán trimestrais. O pagamento do último trimestre farase efectivo despois de que o/a bolseiro/a presente, antes do 30 de setembro de 2007, a seguinte documentación:

-Certificación académica de ter superadas a totalidade dos créditos establecidos no currículo para o curso 2006-2007.

-Declaración xurada do conxunto de bolsas concedidas.

-Vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, actualizada a 30 de setembro de 2007.

Artigo 14º.-Obrigas dos/as bolseiros/as. Incumprimento.

Os/as bolseiros/as están obrigados a asistir ás clases, acadar o rendemento académico correspondente ao seu programa de máster esixido no artigo 13º desta orde e comunicarlle á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia a causa que determine a incompatibilidade dentro das 24 horas seguintes ao momento no que teña coñecemento da concorrencia desta e, dentro dos tres días naturais seguintes, deberá notificar por escrito a renuncia á bolsa.

Na produción escrita derivada do traballo realizado como bolseiro/a, deberá constar a expresión: «Co apoio da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Xunta de Galicia».

O incumprimento por parte do/a bolseiro/a de calquera das condicións recollidas nesta orde e demais normas aplicables, poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puidesen corresponder, en cada caso, en aplicación da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asinado nos orzamentos para este fin.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas

outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Terceira.-Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/as compoñentes non puidese asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto se nomee. O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia ou da universidade correspondente en virtude da súa representación.

Cuarta.-Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, producindo efectos desestimatorios a falta de resolución.

Quinta.-Os/as beneficiarios/as teñen a obriga de someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como as que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.-Esta orde adaptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións, e ás do seu desenvolvemento, igualmente aos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sétima.-Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia* de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2006

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de Ordenación e Calidade
 do Sistema Universitario de Galicia

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO CONDUCENTES AO TÍTULO DE MÁSTER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED421A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			LOCALIDADE/CONCELLO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			
TITULACIÓN UNIVERSITARIA	UNIVERSIDADE ONDE SE TITULOÜ		UNIVERSIDADE ONDE SOLICITA O MÁSTER

PROGRAMAS DE POSGRAO AUTORIZADOS POLO DECRETO 51/2006, do 23 de marzo (DOG nº 61, 28 marzo)

Apartado 1) Ciencias Sociais e Xurídicas/Humanidades <input type="checkbox"/> Máster en Banca e Finanzas. <input type="checkbox"/> Máster en Dereito: Especialidade en Estudo da Unión Europea. <input type="checkbox"/> Máster en Servizos Culturais. <input type="checkbox"/> Máster en Contabilidade e Finanzas. <input type="checkbox"/> Máster en Estudos de Xénero. <input type="checkbox"/> Máster en Dirección e Planificación do Turismo. <input type="checkbox"/> Máster en Historia Contemporánea.	Apartado 2) Ciencias Experimentais e da Saúde <input type="checkbox"/> Máster en Química Ambiental e Fundamental. <input type="checkbox"/> Máster en Xestión e Investigación da Discapacidade e a Dependencia. <input type="checkbox"/> Máster en Química Avanzada. <input type="checkbox"/> Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria. <input type="checkbox"/> Máster en Xerontoloxía. <input type="checkbox"/> Máster en Neurociencia. <input type="checkbox"/> Máster en Física Aplicada.	Apartado 3) Ensinanzas Técnicas <input type="checkbox"/> Máster en Urbanismo: Planos e Proxectos. Do Territorio á Cidade. <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Naval e Oceánica. <input type="checkbox"/> Máster en Informática. <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría da Auga. <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Ambiental. <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Biotecnolóxica. <input type="checkbox"/> Máster en Seguridade Integral na Industria. <input type="checkbox"/> Máster en Enxeñaría Matemática.
---	--	--

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> 1.- DNI. <input type="checkbox"/> 2.- Certificación académica oficial ou copia compulsada.	<input type="checkbox"/> 3.- Documento acreditativo de estar admitido no curso 2006-2007 en programas oficiais de posgrao. <input type="checkbox"/> 4.- Fotocopia compulsada do título universitario.
--	--

DECLARO coñecer e autorizar que os datos persoais que compoñen esta solicitude serán obxecto de tratamento co fin de xestionar a axuda solicitada de acordo co artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, **AUTORIZO** expresamente para que calquera das universidades do sistema universitario de Galicia facilite á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, cantos datos consten no meu expediente persoal e sexan precisos para a tramitación e resolución da axuda solicitada.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 1 de agosto de 2006 pola que se convocan axudas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE PARA EFECTOS DE SOLICITUDE E CONFORMIDADE COAS BASES DA CONVOCATORIA _____ de _____ de 200

(A cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Resolución do 7 de xuño de 2006, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inscribe a Asociación Cultural Jacobea Paso a Paso no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

Examinada a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, presentada pola *Asociación Cultural Jacobea Paso a Paso*, do 30 de maio de 2006.

Visto o Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago, modificado en parte polo Decreto 209/2002, do 13 de xuño.

Visto igualmente o informe da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, emitido de acordo co artigo 23 do mencionado decreto.

Considerando que a solicitude presentada cumpre as normas establecidas no decreto de referencia,

RESOLVO:

Que a *Asociación Cultural Jacobea Paso a Paso* quede inscrita no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago co número 166.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2006.

Felipe Arias Vilas
Director xeral de Patrimonio Cultural

Resolución do 12 de xuño de 2006, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inscribe a Asociación Amigos del Camino de Santiago por Valdeorras no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

Examinada a solicitude de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, presentada pola *Asociación Amigos del Camino de Santiago por Valdeorras*, do 1 de xuño de 2006.

Visto o Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago, modificado en parte polo Decreto 209/2002, do 13 de xuño.

Visto igualmente o informe da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, emitido de acordo co artigo 23 do mencionado decreto.

Considerando que a solicitude presentada cumpre as normas establecidas no decreto de referencia,

RESOLVO:

Que a *Asociación Amigos del Camino de Santiago por Valdeorras* quede inscrita no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago co número 167.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2006.

Felipe Arias Vilas
Director xeral de Patrimonio Cultural

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 18 de xullo de 2006 pola que se convocan axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo a alumnos/as e profesores/as de formación profesional de centros docentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que participen en estadías formativas de ámbito transnacional.

A mobilidade transnacional das persoas no ámbito profesional é un medio de lograr un espazo de emprego e traballo na comunidade internacional, xa que lle dá a cada individuo a posibilidade de adquirir coñecementos teóricos, prácticos e de comportamento e, dun xeito máis amplo, competencias e cualificacións adaptadas ao espazo sen fronteiras da Unión Europea e á apertura a outros países.

O intercambio de experiencias e as estadías formativas en centros educativos e empresas doutros países son aspectos esenciais para adquirir a visión dun mercado global no que a vida laboral se desenvolve sobre os principios de mobilidade e libre circulación dos/as traballadores/as.

Dado que a colaboración con entidades doutros países resulta fundamental como medio eficaz de facilitar o desenvolvemento de capacidades do alumnado a nivel profesional, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos convoca axudas para a realización de estadías formativas de alumnos/as e profesores/as co fin de posibilitar a mellora da súa competencia profesional.

A formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. É deber desta consellería prover os recursos necesarios para garantir a inclusión de actividades, como poden ser as estadías en empresas, para asegurarlles a todos/as os/as profesores/as ao longo da súa vida profesional a posibilidade de acceder a períodos formativos fóra do centro escolar.

Así mesmo, o actual proceso de xeneralización da formación profesional, estruturada en ciclos forma-